



Calor, ampla participación e alto nivel na Festa da Caza de Lugo

O pasado día 31 de maio celebrábase en Portomarín a décimo terceira edición da Festa da Caza de Lugo, que cada ano xunta a boa parte dos cazadores lucenses e outros chegados de tódolos puntos de Galicia para a celebración de varias probas de diversas modalidades, entre elas varias de carácter provincial e clasificatorio, aínda que todas elas abertas a calquer participante chegado de calquer punto de Galicia ou de fora. O evento está organizado pola Federación Galega de Caza en Lugo en colaboración coa Asociación Lucense de Caza, ademais de sociedades de cazadores da zona e outras institucións.

• Pedro Ramos Casás proclámase Campión Provincial de Lugo de Rastro de Xabariil

No Tecor da Sociedade de Caza San Nicolás disputábase o Campionato Provincial de Lugo de Rastro de Xabariil que contaba con 41 monteiros participando na proba.

O gañador da proba era o lucense Pedro Ramos Casás con “Falco”, que polo tanto se proclamaba Campión Provincial. Segundo clasificado era o tamén lucense Luis Otero Pena co seu can “Ton”. No terceiro posto remataba o participante da provincia de A Coruña José Pereira Ramos con “Oirán”.



Pos	Participante	Can (Sexo)	Puntos
1º	Pedro Ramos Casás (LU)	Falco (M)	228
2º	Luis Otero Pena (LU)	Ton (M)	216
3º	José Pereira Ramos (CO)	Oirán (M)	174
4º	Álvaro Fontenla Filgueira (PO)	Terco (M)	169
5º	José Manuel Yáñez Castro (LU)	Ron (M)	166

Clasifícanse para o Campionato Galego da modalidade: Pedro Ramos Casás, Luis Otero Pena, José Manuel Yáñez Castro, Cristian Fernández Abuín, Luis Otero Alonso, José Quintela García, José Francisco Rey Urrutia, David Castrillón López e Xosé Otero Alonso.



• René Vale García proclámase Campión Provincial de Lugo de San Huberto

No Tecor da Sociedade de Caza San Nicolás disputábase o Campionato aberto de San Huberto e o Campionato Provincial de Lugo da modalidade.

O gañador da proba era Eloy Rodríguez Martínez con “Twist”; segundo clasificado remataba Manuel A. Leira Pérez con “Sambo” e o terceiro posto da proba era para José Ramón Zamora Lorenzo con “Back”. O Campión Provincial de Lugo da modalidade de San Huberto era René Vale García, con “Top”.



CLASIFICACIÓN PROVINCIAL			
Pos	Participante	Can (Raza/Sexo)	Puntos
1º	René Vale García	Top (SIM)	54
2º	Eduardo Blanco Mejuto	Marqués (PM)	50
3º	Juan Carlos Arteché Castillo	Breco (SIM)	48
4º	Andrés Pena Vázquez	Saharan (SIM)	39
5º	José Antonio Iglesias García	Tula (SIF)	33

Estos cinco participantes clasifícanse para o Campionato Galego da modalidade.

• Andrés Pena Vázquez gaña o Trofeo Cidade de Lugo de Cans de Parada

No Tecor da Sociedade de Caza Monte Pena Maior disputábase o vixésimo primeiro Trofeo Cidade de Lugo de Cans de Parada, puntuable para a Copa Galicia de Cans de Parada.

Participaron un total de 43 cans, dos cales 4 correspondían a razas continentais, categoría na que ningún can conseguiu puntuar, e 39 en razas británicas. Nesta categoría resultaba vencedor Andrés Pena Vázquez con “Yan de Bosende” (SIM). Segundo clasificado era o portugués Sergio Manuel Lourenço Afonso con “Semejines Fair” (PF), rematando no terceiro posto Juan Manuel Lorenzo Pazó con “Vértice” (PM).





CLASIFICACIÓN RAZAS BRITÁNICAS			
Po	Participante	Can (Raza/Sexo)	Calificación
1º	Andrés Pena Vázquez	Yan de Bosende (SIM)	1º Excelente
2º	Sergio Manuel Lourenço Afonso	Semejines Fair (PF)	1º Moi bo
3º	Juan Manuel Lorenzo Pazó	Vértice (PM)	2º Moi bo
4º	Antonio Vilar Vigo	Atos da Chousa (SIM)	3º Moi bo

- Mario González Yáñez proclámase Campión Provincial de Lugo de Percorridos de Caza**

No campo de tiro eventual da Sociedade de Caza San Nicolás disputábase o Campionato Provincial de Lugo de Percorridos de Caza que contaba cunha participación de 30 tiradores.

A proba disputábase a 100 pratos e o gañador en categoría absoluta era o lucense Mario González Yáñez, que polo tanto se proclamaba Campión Provincial con 70 pratos escachados. Segundo clasificado era Angel Ramón Vidal Quintela ao escachar 69 pratos e terceiro Francisco Javier Rivero Martínez que lograba escachar 67 pratos na proba.



Na categoría xuvenil o gañador era Pablo Diaz Somoza, que escachaba 16 pratos. En veteranos gañaba José María González Rodríguez, da provincia de Lugo, que escachaba 49 pratos e polo tanto se proclamaba Campión Provincial nesta categoría. Na categoría donas a vencedora da proba e Campiona Provincial nesta categoría era Belina García Currás, que escachaba 41 pratos.

CLASIFICACIÓN XERAL ABSOLUTA DA PROBA		
Pos	Participante	Pratos
1º	Mario González Yáñez (LU)	70
2º	Angel Ramón Vidal Quintela (CO)	69
3º	Fco. Javier Rivero Martínez (PO)	67
4º	José A. Vasconcellos Vicente (PO)	66
5º	Manuel Villar Arroyo (LU)	65

Clasifícanse para o Campionato Galego da modalidade, pola provincia de Lugo: Mario González Yáñez, Manuel Villar Arroyo, José González Yáñez, Miguel López Iglesias, Manuel Enríquez Diéguez, Juan José Sierra Pulpeiro, Antonio González Álvarez e Artemio Formoso Barro na categoría seniors; José María González Rodríguez en veteranos e Belina García Currás en donas.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com



Federación Galega de Caza
Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779

Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>